

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 27 DE ABRIL DE 2022.

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e sete de abril de 2022, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcadesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión da licenza urbanística para modificación de alzado oeste, pechando con xanelas un balcón en edificio construído con licenza 945/1972 na rúa do Ripanzo, número 19, Galegos de Arriba, (exp. 2021/Y001/000218).

2. PLANEAMENTO.- Acórdase a aprobación inicial do estudo de detalle de agregación das parcelas 01 e 02 do rueiro 1513 (Antigo Hospital de San Miguel) do plan especial de protección, rehabilitación e reforma interior do recinto amurallado de Lugo e a súa zona de influencia (PEPRI).

3. XESTIÓN.- Acórdase o pago do prezo xusto fixado polo XEG nos seguintes expedientes: "Expropiación por ministerio de lei da parcela 5, sita na ronda Xosé Castiñeira". Eml-002; "Expropiación por ministerio de lei da parcela 7, sita na ronda Xosé Castiñeira". Eml-003; "Expropiación por ministerio de lei da parcela 8, sita na ronda Xosé Castiñeira". Eml-004; "Expropiación por ministerio de lei da parcela 3, sita na ronda Xosé Castiñeira". Eml-005 e a "Expropiación por ministerio de lei da parcela 4, sita na ronda Xosé Castiñeira". Eml-006.

Tamén se acorda a aprobación inicial "Proyecto de obras ordinarias de urbanización y ensanche de vial existente emplazamiento: C/Otero Pedrayo-C/Río Sil. Lugo". P-230.

Así mesmo, acórdase a aprobación definitiva "Proyecto de obras ordinarias de urbanización para la edificación de rampas de acceso a edificio existente na praza da Liberdade, 9". PO-220.

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac254961812820087587.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 27-4-2022

HUMANOS

4. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación da obra "Rehabilitación de edificio existente e ampliación en edificio independente para equipamento comunitario" incluído no programa operativo FEDER Orde HAP/2427/2015, do 13 de novembro, con financiamento do 80% e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. ref. 2022- C002-000003.

Tamén se acorda a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto na contratación dun servizo de redacción de tres proxectos construtivos, dentro do programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano no marco do plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola unión europea a través do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana. Código de proxecto 22XX00017 («Next Generation EU») e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. ref. 2022/C003/000011.

Acórdase a modificación do prego de cláusulas administrativas para a contratación do servizo de elaboración e distribución de almorzo e xantar así como atención e apoio durante o dito servizo levados a cabo pola Concellería de Educación nos CEIPS de Lugo exp. ref. 2022/C003/000003 aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local número 8/188, do 30 de marzo de 2022 por errata no seu contido.

5. PERSOAL.- Acórdase o pase a segunda actividade de un policía local do Concello de Lugo por idade.

Acórdase aprobar o informe proposta cobertura temporal por comisión de servizos do posto de xefe/a servizo de Medio Ambiente do Excmo. Concello de Lugo.

ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL

6. SERVICIOS SOCIAIS.- Acórdase a aprobación das bases e da convocatoria pública das subvencións destinadas ao mantemento de taxi adaptado (taxistas). Convocatoria ano 2022.

Tamén se acorda a aprobación das bases xerais reguladoras para a concesión de subvencións a asociacións e persoas xurídico-privadas sen ánimo de lucro que desenvolven a súa actividade no eido do benestar social (exercicio económico 2022).

Acórdase a aprobación das bases xerais, autorización do gasto e apertura de convocatoria pública para a adxudicación de subvencións para o desprazamento en taxi adaptado (convocatoria ano 2022).

Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.